

**37.- EXTRACTO ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE SETEMBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora Accidental:**

M<sup>a</sup> CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 36/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 36/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 29 de agosto de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para a construción dunha explotación cunícola, nunha parcela próxima ó lugar de Maceira-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 16 de maio de 2016, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 30/08/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 13.595,90 euros.

**2.2.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para construción de muro de contención e soleira de formigón en Maceira-Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 11 de agosto de 2016, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 30/08/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 832,77 euros.

**2.3.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para acondicionamento exterior de nave avícola, situada nunha parcela preto do lugar de Carballiños-Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 26 de xullo de 2016, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 29/07/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 103,49 euros.

**2.4.-** Acordouse conceder **LICENZA DE OBRA** para acondicionamento de local existente para comercio ao por menor de toda clase de artigos na praza da Torre -Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 12 de agosto de 2016, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 30/08/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 402,75 euros.

### **3.- INFORME PREVIO.**

**3.1.-** Acordouse **aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal** de data 31 de agosto, emitido trala petición formulada por AUGAS DE GALICIA na que solicita informe preceptivo previo por solicitude de concesión dun caudal de auga, procedente dun pozo, no lugar de Rodelas, parroquia de Maceira- Lalín.

### **4.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse **autorizar as seguintes solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador, así como a formalización dos correspondentes contratos.**

**4.1.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Tirabeque, núm. 10, 3º C, Lalín.

**4.2.-** Contrato de auga no lugar de Sestelo, núm. 5, obra, parroquia de Botos, Lalín.

**4.3.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Rosalía de Castro, núm. 50, 2º C, Lalín.

**4.4.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 3, 3º E, Lalín.

**4.5.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa da Corredoira, núm. 50, 2º B, Lalín.

**4.6.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Wenceslao Calvo Garra, núm. 8, 1º D, Lalín.

**4.7.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa A Habana, núm. 5, Atíco A, Lalín.

**4.8.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa do Areal, núm. 33, 3º A, Lalín.

**4.9.-** Para extensión rede de abastecemento e contrato de auga no lugar de Viñoa, s.n, baixo, parroquia de Soutolongo, Lalín.

**4.10.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa C, núm. 10, 1º B, Lalín.

**4.11.-** Contrato de auga no lugar de Soutolongo de Abaixo, núm. 4, baixo, parroquia de Soutolongo, Lalín.

**4.12.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa da Corredoira, núm. 50, 3º C, Lalín.

**4.13.-** Contrato de auga na rúa F, núm. 10, 2º A, Lalín.

**4.14.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa F, núm. 2, ETA, Lalín.

**4.15.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa C, núm. 48, 3º B, Lalín.

**4.16.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Garda Civil, núm. 18, 1º A, Lalín.

**4.17.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia,

núm. 7, B, 1º E, Lalín.

**4.18.-** Contrato de auga e contrato de saneamento na rúa Praza de Galicia, núm. 3, 3º D, Lalín.

**4.19.-** Contrato de saneamento no lugar de A Cabreira, núm. 11, baixo, parroquia de Catasós, Lalín.

## **5.- APROBACIÓN DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE.**

**5.1.-** Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballos da obra “MELLORA DOS CAMIÑOS DE PORTOSECO (GOIÁS) E REGUFE-SELLO”**, presentado pola empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L. de data agosto de 2016.

**5.2.-** Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballos da obra “REHABILITACIÓN Y SANEAMIENTO DE LA RONDA ESTE-NORTE (TRAMO AVDA OURENSE-CARRETERA EP-6009)”**, presentado pola empresa Explotaciones Gallegas, S.L, de data 31 de agosto de 2016.

## **6.- CERTIFICACIÓN DE OBRAS.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar a certificación de obra** núm. 1 e final da obra “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA B” presentada pola entidade ELECTRICIDAD FEMÁN S.L, redactada polo Arquitecto Técnico Municipal cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 12.600,75 €.

## **7.- FACTURAS E CONTAS.**

**7.1.-** Acordouse **aprobar e declarar de abono** a relación de facturas núm. 00107 por importe de 134.544,03 €.

## **8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**8.1.-** Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 230 € a aboar a aboar ao arrendador da vivenda.

**8.2.-** Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total

de 120,43 €.

**8.3.-** Acordouse contratar con JOSE LUIS FERREIRO DIEGUEZ “O VILA”, a **estabilización do cruceiro de Lalín de Arriba polo importe de 3.375,90 € (IVE incluído)**, con arranxo ó orzamento presentado, ao abeiro da subvención concedida para a rehabilitación do patrimonio histórico-cultural dirixidas os concellos da provincia de Pontevedra, correspondéndolle a este Concello a cantidade de 3,383,77 euros para a “ESTABILIZACIÓN DO CRUCEIRO DE LALÍN DE ARRIBA”.

**8.4.-** Acordouse contratar con NAVICEIRO S.L, a **reparación e acondicionamento da pista de area do Club Hípico de Mouriscade polo importe de 5.445,00 € (IVE incluído)**, con arranxo ó orzamento presentado.

**8.5.-** Acordouse **aprobar as bases do:**

- XIIIº Concurso de Cartas “*Dillo a quen maltrata*” 2016 e autorizar o gasto por importe de 267 € dos premios.
- Vº Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2016 e autorizar o gasto por importe de 129 € do premio.

Acordouse tamén **aprobar e autorizar o gasto** por importe de 300 € para os materiais funxibles necesarios para a realización das actividades do Vº “**Violencia de xénero**” (Acción para previr a violencia de xénero) 2015.

**8.6.-** Acordouse **ratificar a recepción definitiva das obras de urbanización da AR-30** declarando que a Xunta de Compensación deu total cumprimento ás obrigas urbanizadoras que lle correspondían na súa condición de entidade urbanística colaboradora.

**8.7.-** Acordouse **solicitar unha subvención para a actuación denominada “Accesibilidade, humanización e vía peonil no casco urbano-Lalín” por importe de 24.341,03 €** ao abeiro da ORDE do 21 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014- 2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOGA nº 149 de 08/08/2016).

**8.8.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto polo importe máximo de 6.340,40 € (IVE incluído) con destino á prestación de distintos servizos por parte de Africor Pontevedra no desenvolvemento da **XXXIIª Edición de Feiradeza e XXIIº Concurso de Gando Frisión do Concello de Lalín.**

## **9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**9.1.-** Concedeuse **autorización municipal** para librar dos postos de estacionamento na Avda. Buenos Aires enfronte o número 4, incluíndo mover o contedor de lixo, para vaciar container (20 pes) con caixas de pertenzas persoais por mudanza, o martes día 6 de setembro de 2016 dende as 8:30 ata as 4 da tarde.

**9.2.-** Concedeuse **autorización municipal** para o uso do salón de actos do Pazo de Liñares o día 29 de setembro de 2016 dende as 18:00 horas ata as 20:00 horas.

**9.3.-** Concedeuse **autorización municipal** para a reserva da aula Cemit de Lalín os días 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21 e 22 de setembro de 2016, entre as 16:00 horas e as 20:00 horas para impartir os obradoiros de impresión 3D para a mocidade de Lalín, contratados polo Concello de Lalín.

**9.4.-** Concedeuse **autorización municipal** para o uso do Albergue de Mouriscade para pernoctar con 42 alumnos de Eso e Bacharelato e 10 monitores-profesores o xoves, día 8 de setembro de 2016, chegando ás 17:00 horas do xoves saíndo o venres día 9 de setembro de 2016 ás 8:00 horas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela.

**9.5.-** Concedeuse **autorización municipal** para un espazo para un aforo máximo de 30 ou 35 persoas no Pazo de Liñares para día 10 de setembro de 2016 sábado, de 11:00 horas a 14:00 horas e de 17:00 horas a 20: horas) para un encontro de traballo entre a Xunta Directiva e o persoal dos grupos de traballo activos da súa entidade.

**9.6.-** Deuse conta do **escrito do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo** de data 2 de setembro de 2016, no que comunican a resolución de desestimento da posta en servizo de estación radioelétrica.

---